EDICIÓN N.º 12
NOVEMBRO 2006

Global express

A actualidade na aula

O petróleo, unha riqueza envelenada

© SwisAid

Un líquido espeso e oleaxinoso converteuse no caldo espeso en que flotan as nosas vidas: o petróleo. Esaxerado? Segundo se mire. Os medios de comunicación, as nosas conversas e as preocupacións, os grandes feitos e os pequenos obxectos cotiáns están en gran medida relacionados con tan escuro (non só pola cor) elemento.

Esta edición de *Global express* pretende mostrar a dependencia enorme que temos do petróleo no noso modo de vida e consumo, así como reflexionar sobre as consecuencias da produción do petróleo nos países do sur onde, en contra do que puidese parecer, a produción de petróleo non só non contribúe para diminuír a pobreza, senón que a agudiza.

Intermón Oxfam

Sumario

O petróleo noso de cada día
A xeografía da produción
Poboacións pobres de países ricos (ou a quen beneficia o petróleo)
A xeografía do consumo
Reservas minguantes
Que faremos?

O petróleo nostro de cada día

Que ocorrería se, repentinamente, o petróleo desaparecese? A nosa vida, incluso en detalles insignificantes, poríase patas arriba. Non poderiamos lavar os dentes, lavar a cabeza nin nos barbear; almorzar sería un problema, xa que non existirían frigoríficos (nin lavadora nin, en xeral, electrodomésticos). Unha vez fóra da casa en tan lamentables condicións, xurdiría o problema de cómo ir traballar e, unha vez alí, ou de cómo traballar sen computador, sen mesa e sen cadeira, incluso sen lapis ou bolígrafo. Os bebés non terían cueiros, nin os nenos xoguetes, nin os adolescentes play station nin –¡oh ceos!– teléfonos, nin os adultos crema de barbear, nin as adultas lapis de labios, nin os anciáns (nin ninguén) dentaduras postizas. Saír de vacacións perdería un dos seus alicientes, xa que non se poderían facer fotos. Caer doentes ou ter un accidente ocasionaría numerosos e graves problemas, sen equipos médicos, válvulas cardíacas artificiais, vendas, nin tan sequera aspirinas.

Talvez non ter táboas de surf sería fácil de levar, mais non encontrar roupa no armario ou moitos dos alimentos aos que estamos acostumados na despensa, sería máis problemático.

O terrorífico relato podería continuar; son só uns exemplos de cantos obxectos da vida cotiá están estreitamente relacionados cos combustibles fósiles. Se aos que os teñen como materia prima se suman os que os necesitan para chegar até nós, pode dicirse que considerar o petróleo coma o noso caldo vital non é unha metáfora demasiado esaxerada. Desde a Revolución Industrial, todo o que consideramos progreso aliméntase, nunha ou outra medida, dunha ou doutra forma, de combustibles fósiles. A nosa idea de felicidade, desenvolvemento, mesmo de organización política e de democracia, pasa polo petróleo.

A xeografía da produción

O petróleo é unha materia prima repartida moi desigualmente por todo o planeta. Actualmente, 13 países producen entre o 65% e o 70% do total, e calcúlase que máis do 60% das reservas están no Oriente Medio (aínda que este cálculo é difícil e aproximado)[1].

Aos países do Oriente Medio, aos da antiga URSS próximos ao mar Caspio, e a algúns países latinoamericanos hailles que sumar a importancia crecente da África subsahariana -especialmente Sudán, Nixeria, Angola, Guinea Ecuatorial, Congo e Gabón, entre outros-, cuxa produción aumentou un 36% na última década.

PRODUCIÓN DE PETRÓLEO POR REXIÓNS / Barrís diarios



FONTE: BP, informe 2006

Poboacións pobres de países ricos (ou a quen beneficia o petróleo)

A simple vista, ter petróleo é unha boa noticia, xa que parece lóxico pensar que a riqueza dun país significa unha mellora na calidade e o nivel de vida dos seus habitantes. Resulta que a mirada simple nestes asuntos non é a adecuada. Os datos máis ben revelan o contrario: 6 dos 25 países que máis dependen dos ingresos do petróleo están na listaxe de "países pobres altamente endebedados" do Banco Mundial (BM). A dependencia do petróleo e, en xeral, de minerais considerados preciosos ou estratéxicos –é dicir, as exportacións dun país destas materias primas en relación co seu PIB– adoita traducirse en condicións de vida moi deficientes para as poboacións, especialmente para as máis pobres; e nun enriquecemento abusivo para unha pequena elite. Esta relación inversamente proporcional entre ter petróleo e o crecemento económico equitativo coñécese como **"a maldición de ter recursos"**. Nunha análise comparativa da evolución de 97 países entre 1970 e 1989, Sachs y Warner[2] concluíron que os países pobres en recursos "a miúdo funcionan mellor que as economías ricas en recursos, no que se refire a crecemento económico".

[1] Comisión Europea. *Libro blanco. Política Europea del Transporte para el 2010.*

[2] Sachs, Jeffrey; Warner, Andrew. *Natural Resource Abundance and Economic Growth*, p. 2: http://www.cid.harvard.edu/hiid/517.pdf.

Peor calidade de vida

Considerando como referentes os que toma o Plano das Nacións Unidas para o desenvolvemento (PNUD) para elaborar o índice de desenvolvemento humano (IDH), esta relación inversa resulta clara. Nos países ricos en petróleo adoitan suceder cousas coma estas:

- **Os niveis de educación son deficientes**, con índices de escolarización máis baixos: por cada aumento de 5 puntos na dependencia do petróleo, baixan un 2% os índices de escolarización.
- Tenden a mostrar índices excepcionalmente altos de **desnutrición** e de **mortalidade infantil**.
- O investimento en **saúde pública** adoita ser baixo.
- A **desigualdade nos ingresos** é xeralmente elevada.

A isto haille que sumar outros empobrecementos, como a degradación ambiental e a destrución de culturas e de modos de vida[3].

Menos democracia e mal goberno

Nun relatorio de decembro de 2005, a Rede Internacional para os Dereitos Económicos, Sociais e Culturais (RED-DESC) conclúe: "O vínculo entre os abusos de dereitos humanos e os recursos naturais, particularmente reservas de petróleo e minerais, converteuse nun foco de preocupación crecente. (...) De igual importancia é o vínculo que a miúdo se encontra entre o control gobernamental sobre ingresos de recursos e a corrupción endémica, unha cultura de impunidade, un estado de dereito débil e a distribución desigual dos recursos públicos". Tales gobernos irresponsables –en ocasións denominados "autocracias depredadoras"– teñen maior probabilidade de cometeren abusos dos dereitos humanos e alongar o conflito armado.

Segundo Intermón Oxfam, o petróleo ten, en xeral, un impacto negativo nos procesos democráticos e o bo goberno, debido principalmente a tres factores:

- As operacións petroleiras xeran un incremento de **procesos autoritarios** nos países produtores.
- Existe un aumento da **violencia** debido ao uso de forzas armadas e milicias privadas para garantir a seguridade de terras e de proxectos petroleiros.
- Aumentan os niveis de **corrupción** na xestión de ingresos públicos dos países produtores.

Violencia

Os países ricos en petróleo son moito máis vulnerables ás guerras e a todo tipo de violencia, como mostran a experiencia e os estudos. Nun relatorio elaborado para o Banco Mundial, Collier e Hoeffler conclúen que un Estado que depende moito da exportación de petróleo e minerais ten un 23% de probabilidades de experimentar unha situación de violencia armada ao longo dun período de cinco anos; as probabilidades de que isto suceda noutro Estado de características similares, mais sen recursos naturais deste tipo, son de tan só un 0,5%.

Os gastos militares elevados, habituais nestes países, non só redundan nunha diminución dos recursos para investimentos sociais, senón que constitúen en si mesmos un factor de violencia. Segundo Oxfam América, por cada aumento de cinco puntos na dependencia dos minerais, os gobernos adoitan atribuírlle un 1,6% adicional do seu orzamento ao exército.

Corrupción

O factor principal deste estado de cousas é, segundo o relatorio *Revisión das industrias extractivas do Banco Mundial* elaborado por Emil Salim, a corrupción. Este tipo de industrias induce a prácticas corruptas en maior medida ca outros sectores da economía. Segundo Intermón Oxfam, "estes sistemas de pagamentos e subornos 'petroleiros' esténdense como o aceite, afectando a outros ámbitos públicos e impresionan negativamente nos máis pobres, que non poden 'pagar' o necesario para obteren os servizos dos gobernos".

Adoitan ser unas relacións de beneficio mutuo a tres bandas: entre transnacionais do petróleo, gobernos dos países industrializados (cuxos intereses en ocasións se confunden cos das citadas empresas) e gobernos corruptos do sur. Estes últimos actúan como se as riquezas do país fosen o seu patrimonio persoal, e non invisten os beneficios no benestar da poboación, lexítima propietaria dos recursos, senón que os utilizan para engrosar as súas arcas persoais.

En xullo de 2002, a Asociación de Conferencias Episcopais de África Central publicou un documento onde criticaba "a complicidade que existe entre as empresas petroleiras e os políticos da rexión", e o feito de que "os ingresos petroleiros se utilizan para manter réximes no poder".

[3] Os datos desta sección están tomados do relatorio de Oxfam América *Sectores Extractivos y Pobreza* de 2001.

A xeografía do consumo

A xeografía do consumo

O mapa do consumo de enerxía é case o negativo do da produción. O desenvolvemento do norte é, tamén neste terreo, debedor do sur.



A nosa droga

Ao contrario da produción, "a demanda de enerxía non parece finalizar debido ao aumento da poboación; ao papel fundamental que a enerxía ten no desenvolvemento e na calidade de vida; e a condicionamentos do noso modelo de desenvolvemento económico, baseado no uso crecente de combustibles fósiles tanto para a produción de electricidade como para as necesidades de mobilidade"[4]. Susan George é máis clara e contundente: "O petróleo é a nosa droga. E estamos enganchados"[5].

O factor do aumento da poboación precisa dunha importante matización: o que causa o esgotamento dos recursos non é o número de persoas, senón o seu modo de consumo. O relevante non é que nacen máis seres humanos, senón que grandes países moi poboados, como a China ou a India, se van achegando aos nosos niveis de "desenvol-vemento". Calcúlase que a China consumirá no 2030 o 20% de toda a enerxía do mundo e que nese momento, a demanda enerxética será superior á dos países da OCDE.

Merece a pena subliñar que iso non significa un mellor reparto do benestar ligado ao petróleo. A pesar deste aumento, prevese que o número de persoas sen acceso á electricidade se reduza só de 1600 millóns a 1400 millóns. É máis, segundo a Axencia Internacional de Enerxía (AIE), as necesidades de enerxía para conseguir os obxectivos de desenvolvemento do milenio respecto á redución da pobreza (un 50% no 2015 do número de persoas que viven con menos dun dólar por día) non están previstos nestes incrementos.

Unha caída na capacidade de produción do 5% anual (algunhas grandes compañías falan do 10%) significa ter que suplantar una produción de 40 Mbd [6] en 10 anos, o dobre do requirido para cubrir o aumento da demanda. Non só teremos que cubrir a nova demanda, senón que ademais deberemos substituír a perda de capacidade de produción. Se sumamos as dúas cantidades resulta que en 10 anos hai que por a punto unha capacidade de produción de 60 Mbd, case 8 veces a produción actual de Arabia Saudita, o primeiro produtor mundial.

Reservas minguantes

Reservas minguantes

O exposto até agora reflicte onde está o petróleo, mais non menos importante é a pregunta de con canto podemos contar. Como xa se apuntou anteriormente, este tema é area escorregadiza, até o punto de que son feitos probados[7], incluso recoñecidos polos protagonistas nalgunhas ocasións, que os países da Organización de Países Produtores de Petróleo (OPEP) fixeron bailar as cifras repetidas veces en función do que lles interesaba en cada momento. Organizacións independentes, como ASPO (Association for the Study of Peak Oil and Gas), contabilizan as reservas reais da OPEP en 400 000 millóns de barrís menos que as cifras oficiais da organización.

Hai, non obstante, indicios de como van as cousas. Algunhas das compañías petroleiras máis poderosas, como Shell ou Exxon Mobil, publicaron relatorios que dan conta da escaseza das reservas. Aínda que a súa intención é conseguir cartos para incrementar as prospeccións[8], aí está o dato.

Ademais, afortunadamente existen fontes máis fiables e máis solventes. ASPO, é unha rede de xeólogos e científicos vinculados a institucións e a universidades que se ocupan desde hai uns anos de determinar a data e as repercusións do cénit e do declive da produción do petróleo e do gas. Para o cénit xa teñen data: entre 2003 e 2008, o que significa que nos encontramos precisamente nese momento.

Os estudos de ASPO baséanse no principio da curva de Hubbert, quen xa en 1949, cando era empregado da Shell, vaticinou que os combustibles fósiles –o sangue que corre polas veas do que entendemos por desenvolvemento– tiñan os anos contados. A súa curva plasma graficamente o comportamento dos pozos de petróleo: todo pozo de petróleo ou de gas, ou todo recurso non-renovable, pasa por unha curva de produción en forma de campá desde que o pozo ou xacemento se descobre e comeza a súa explotación, até chegar a un cénit, tras o cal comenza

[4] Burgos, Cristóbal (Conselleiro. DG TREN. Comisión Europea). "Escenario energético de la Unión Europea" en *Energías, participación y sostenibilidad*. ESF. Barcelona, 2006.
[5] *La Vanguardia* (21 de abril 2004).
[6] mbd: millones de barriles al día.
[7] Sarkis, Nicolas. "Petróleo: antiguas fórmulas y nuevos desafíos". *Le Monde Diplomatique (Edición española),* maio 2006.
[8] *El Ecologista*, núm. 40, p. 20-24.

a descender inexorablemente cara ao seu esgotamento final. Un sinxelo razoamento leva a concluír que, se hai poucas reservas e minguantes, a esperanza radica en encontrar novos xacementos. No entanto, por aí tampouco se alimenta o optimismo, xa que os científicos de ASPO conclúen que máis do 90% do petróleo mundial xa está descuberto.

A Axencia Internacional da Enerxía (AIE) e outros organismos sosteñen que con tecnoloxía, e perfeccionando os sistemas de cálculo, as perspectivas poderían mellorar. Iso equivalería a que, no gráfico en forma de campá, a cima se convertería en meseta, alongando a situación actual cinco ou dez anos máis, para logo descender non por unha pendente, senón para caer por un precipicio: necesitariamos 1/3 máis que na actualidade.

A realidade é que cada vez hai menos petróleo, é de peor calidade e a extracción resulta máis cara. Como dixo un xeólogo, a exploración petroleira volveuse como unha partida de caza na cal os progresos tecnolóxicos lle permiten ao cazador mellorar a escopeta, mais a presa é cada vez máis pequena e escasa.

De quen é o petróleo. Transnacionais e *lobbies*

O petróleo fórmase ao longo de millares de anos en grandes profundidades e encóntrase en territorios concretos, cuxa superficie é soberanía nacional dos seus habitantes, é dicir, forma parte duns países determinados. A quen lle pertence o petróleo? Aos gobernos deses países? Á súa cidadanía? Á poboación do planeta no seu conxunto? Legalidades á parte, a realidade é que parece que lles pertence sobre todo ás transnacionais, esas empresas non suxeitas a ningunha legalidade nacional e que se benefician de todas elas.

Entre estas grandes corporacións, as petroleiras teñen unha importancia particular. Os ingresos de Exxon Mobil –a compañía petroleira máis grande do mundo– aumentaron un 12% no segundo trimestre de 2006 e situáronse nos 99.000 millóns de dólares no devandito período. Segundo *Mercado* (xullo 2006), British Petroleum –a segunda grande empresa petroleira mundial– obtivo uns lucros líquidos de 7270 millóns de dólares no mesmo período (un 30% máis que no trimestre anterior). As catro empresas petroleiras principias gañaron, durante ese trimestre, case 230.000 dólares por minuto.

As grandes petroleiras non son unha exclusiva dos países ricos do Norte. Os primeiros lugares en extracción e produción ocúpanos compañías de Arabia Saudita, Iraq e Irán. Así mesmo, despois da caída da Unión Soviética xurdiron compañías rusas como Lukoil, Yukos e Sibneft que, grazas ás súas enormes reservas e aos niveis de produción, se achegan cada vez máis ás grandes compañías. A elas hair que sumar as compañías petroleiras nacionais (CPN) de diversos países. Un estudo da consultora PFC Energy concluía que as CPN asiáticas encabezaban a listaxe das 50 maiores compañías enerxéticas en relación cos ingresos obtidos en 2003, seguidas de cerca pola brasileira Petrobras, que ocupa un papel estratéxico e económico de primeira orde en América Latina.

Esta corrupción estrutural non impide que haxa outra máis visible e concreta. Guinea é o terceiro produtor de petróleo de África e, con todo, é o país do mundo cunha maior diferenza entre a clasificación segundo o produto interior bruto (PIB) e o índice sobre desenvolvemento humano (IDH) do Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD). Os beneficios do petróleo case non chegan ao pobo en forma de servizos básicos; a maioría fica nos petos do presidente Teodoro Obiang Nguema e da súa extensa familia. En todo isto, transnacionais como Exxon Mobil, Chevon Texaco, Amerada Hess e Marathon Oil desempeñan un papel decisivo, xa que son cómplices da ditadura de Obiang. Jean-Christophe Servant[1] cita unha resposta escoitada na embaixada de Guinea Ecuatorial en Washington: "No noso país, son as empresas petroleiras as que informan o Departamento de Estado".

Un documento redactado en Porto Alegre en 2001 denuncia: "Construíron un discurso sobre a importancia dos investimentos, evitando enfrontar o feito de que todo investimento se fai sobre a base de apropiarse de bens dos estados, de abusar da forza de traballo e de destruír a natureza".

Riccardo Petrella, no seu *Manifesto da auga*, propón que a auga sexa considerada "ben común mundial", de modo que "o suxeito primordial do patrimonio común da auga é a comunidade mundial dos seres humanos". En 1999, o PNUD publicou o libro *Bens públicos mundiais. Cooperación internacional no século XXI*, no cal afondaba neste tema. Estas achegas sentan unha base para propor que o petróleo sexa considerado tamén un ben común mundial, unha proposta que repugna á lóxica capitalista mais talvez non tanto á humana.

[1] "Tranquila ofensiva estadounidense sobre el oro negro africano". *Le Monde Diplomatique*, enero 2003.

Que faremos?

Que faremos?

O panorama actual exemplifica no petróleo unha evidencia de ámbito máis xeral: este modelo de desenvolvemento só é viable á condición de que se limite a aquí e a agora; non é posible nin para sempre nin para todos. A alternativa é o **desenvolvemento sustentable**, unha expresión que está nos discursos da maioría dos políticos, pese a que as súas actuacións vaian en sentido contrario.

Concretando: "Un futuro enerxético sostible nos países da OCDE require medidas gobernamentais, un: de apoio a enerxías máis limpas; e dous: favorecedoras da eficiencia enerxética a todos os niveis. No segundo aspecto, a maior efectividade lograrase actuando prioritariamente no ámbito do usuario final, forzando o uso de tecnoloxías máis eficientes nos fogares, a industria, os servizos e o transporte. (...) De cara aos países máis pobres, requírese unha acción enérxica que economicamente só pode proceder dos países desenvolvidos" [9]. Alúdese ao "usuario final", é dicir, a cidadanía de a pé. O "modelo de desenvolvemento" non é algo que depende de decisións graves que se toman en esotéricos centros de poder, inaccesibles aos simples mortais. Iso sería certo en parte: o noso modelo de desenvolvemento, na vida cotiá, chámase **sociedade de consumo**, e está conformado por ese conxunto de comportamentos, hábitos e valores; ese modelo de organización socioeconómica e de comportamiento individual; esa ética, e incluso esa estética, que mantemos entre todos e todas e que, por conseguinte, está nas nosas mans mudar. Podémolo facer modificando hábitos cotiáns e traballando para que os nosos representantes políticos –e os de máis alá– tomen decisións acordes co desenvolvemento sustentable.

O economista Herman Daily propón tres condicións simples para construír un mundo material e enerxeticamente sustentable:

- A porcentaxe de uso dos recursos renovables non debe exceder a súa capacidade de rexeneración.
- A porcentaxe de uso dos recursos non-renovables non debe exceder a porcentaxe a que os substitutos renovables poden ser desenvolvidos.
- As porcentaxes de emisión de contaminantes non poden exceder a capacidade de asimilación do contorno.

Susan George ofrece unha alternativa coherente co seu xuízo sobre o carácter estupefaciente do petróleo: "Temos que deixar de drogarnos, ¡temos que desintoxicarnos!".

Para Protocolo, o de Uppsala

O 16 de febreiro de 2005 entrou en vigor o Protocolo de Kioto[1], un acordo entre gobernos que establece que o conxunto dos países industrializados debe contaminar, entre 2008 e 2012, un 95% do que contaminaba en 1990. Os datos indican que, na actualidade, o nivel de contaminación é un 20% maior que o de 1990. Este acordo comezou a xustarse en Kioto en 1997. No entanto, non puido entrar en vigor até 8 anos despois, e fíxoo sen a participación do primeiro contaminador mundial –Estados Unidos–, nin tampouco a China e a India.

O fracaso –éxito limitado, para os máis optimistas– do Protocolo de Kioto radica en que non pon o dedo na chaga: mentres o modelo, a utopía e o soño universal de desenvolvemento sexa sinónimo de crecemento, hai pouco que facer. O desenvolvemento así entendido aliméntase de petróleo, de modo que a contaminación que nos aboca á mudanza climática pódese frear un pouco, pero non deter.

Así as cousas, os científicos da ASPO elaboraron no 2003 o denominado Protocolo de Uppsala. Pedro A. Prieto Pérez (vicepresidente da Asociación para o Estudo dos Recursos Enerxéticos, AEREN) resume nun documento as propostas do devandito protocolo[2]:

- Comezar a estudar a baixada voluntaria do consumo, en función das taxas de esgotamento dos combustibles.
- Prever mecanismos de solidariedade cos máis pobres.
- Analizar de forma moito máis científica e realista a situación. (O dito protocolo dá por suposto que as nacións intentarán continuar a consumir o que resta de petróleo, mais intenta que o fagan de forma ordenada, xa que se sabe que será obrigatoriamente decrecente, non pola vontade do sistema capitalista de contaminar menos, senón pola realidade xeolóxica.)
- Parar o crecemento económico e de produción ilimitado e infinito, na súa loita contra eses que Colin J. Campbell, fundador da ASPO, denomina "economistas da terra plana", é dicir, aqueles que cometen o mesmo erro que quen non recoñece a esfericidade da terra por ser esta unha proba da finitude.

No documento citado, Prieto Pérez prosegue: "E continuamos sen tocar a raíz do mal: o modelo de crecemento infinito. Neste sentido, e sen ignorar os problemas do clima e da contaminación, senón precisamente preocupados por iso, xa vai sendo hora de que enterremos o neno morto de Kioto, xusto despois de brindar –sobre a súa partida de nacemento– pola súa inscrición no rexistro, e comencemos a pensar se o Protocolo de Uppsala pode facer algo mellor para parar o crecemento infinito antes de que a natureza nos ensine como facelo".

[1] Ver *Global express* n.º 10: *¿Salvaranos Kioto?* Abril, 2005.
[2] Prieto Pérez, A. "¿Kyoto o Uppsala?". Febreiro, 2005.

Araceli Caballero - Xornalista

[9] Batet, Luis. "Análisis de las perspectivas energéticas mundiales para el próximo cuarto de siglo" en *Energías, participación y sostibilidad*. ESF. Barcelona, 2006.

Guía didáctica

Guía didáctica

Esta proposta didáctica está dirixida ao alumnado de educación secundaria. As actividades poden ser útiles para a área de sociais, de ética, titorías, etc., e tamén para calquera docente interesado no tema. Os obxectivos desta proposta son reflexionar sobre a dependencia do petróleo do noso estilo de vida e analizar as consecuencias da produción de petróleo sobre as poboacións do Sur.

AUTORÍA: FERRAN POLO

Actividade n.º 1: Introdución

Obxectivo: Indagar nos conceptos previos do alumnado en relación coa extracción, transformación, usos e consumo de petróleo e os problemas que comporta, así como os seus estereotipos eurocentristas.

Orientacións: Con esta pregunta aberta poden darse multitude de historias diferentes. O facer abrollar as ideas previas que ten o alumnado e poder identificar aqueles conceptos e estereotipos que requiran ser reconstruídos, dependerá da nosa habilidade para ir formulando novas preguntas na demanda de concreción.

Actividade n.º 2: Petrodependencia

Obxectivo: Recoñecer a enorme dependencia que temos do petróleo no noso modo de vida e de consumo.

Orientacións: Segundo o grupo co que traballemos, e despois de captar as ideas previas, proporemos un traballo individual ou en pequenos grupos para pólo en común posteriormente co grupo aula, ou ben ao revés. Iremos comentando colectivamente para despois realizar individualmente o cuestionario.

Convén remarcar cómo as previsións de demanda de petróleo e de gas continúan a aumentar. Non sucede así coas enerxías renovables, o que orixina un aumento do efecto invernadoiro e a conseguinte mudanza climática. Outra consecuencia é a dependencia xeoestratéxica, que leva inevitablemente ao espolio e á guerra. Numerosos estudos indícannos que xa estamos moi cerca do "cénit" da produción petroleira, é dicir, á máxima produción posible, e actualmente só se descobre un barril por cada tres ou catro consumidos. O petróleo "de superficie" e con menos impurezas termínase xa. Cada vez é máis custosa a súa extracción. Esta dependencia é máis acusada nos países europeos e, especialmente, en España.

Considérase que máis de 3000 produtos de uso cotián teñen como materia prima o petróleo nalgún dos seus compoñentes da listaxe que se dá, todos os produtos teñen o petróleo como materia prima.

Actividade n.º 3: Países, empresas e guerras

Obxectivo: Recoñecer as consecuencias que comporta o paradoxo de ser os maiores consumidores de petróleo sen ter reservas.

Orientacións: Observando os tres listados, podemos apreciar cómo non existe ningunha empresa do norte na propiedade de reservas, só dúas na produción, e, non obstante, existen seis na refinación. As empresas petroleiras, na busca de maiores lucros, non teñen ningún reparo en presionar os gobernos para forzalos (se for necesario mediante o uso da forza) a obter as concesións extractivas de reservas.

A política exterior do país máis poderoso do mundo, Estados Unidos, non só debe entenderse en chave estratéxica para asegurar o abastecemento de cru -de aí a súa diversificación, coa que África está pasando do 16% ao 25% do total de petróleo extraído. Tamén hai que entender o interese das empresas. Non podemos esquecer que o presidente e o vicepresidente norteamericanos representan o *lobby* petroleiro.

Á pregunta sobre os conflitos e as reservas de cru, podemos propor previamente unha pequena busca de información. Rapidamente nos encontraremos -a parte do Oriente Medio con toda a carga de guerra contra o terrorismo ou de civilizacións que xustifica o espolio-, con Nixeria, Angola, Sudán, Chad, México, Venezuela, Bolivia, Guinea e África Occidental... por non citar as repúblicas da Asia Central. Convén lembrar que, moitas veces, é máis importante o transporte que a extracción. Referirémonos aos oleodutos.

A última pregunta pode sernos útil con criterios avaliativos conceptuais.

Actividade n.º 4: Persoas

Obxectivo: Descubrir que, xunto cos problemas ambientais e xeoestratéxicos (considerados a nivel macro), o petróleo tamén lles produce pobreza a moitas persoas (a nivel micro).

Orientacións: Sería interesante realizar unha lectura comentada en forma colectiva. Nela deberiamos facer valorar a loita valente –nun contexto de total desprotección legal– e pacífica dunha parte da sociedade civil, como forma de contrarrestar o estereotipo do africano pasivo e dependente de axuda. Así mesmo, deberiamos prestar atención ás consecuencias que comportan a rápida e acelerada desestruturación familiar e a destrución do tecido social, que en moitas ocasións exercen de colchón protector.

Podemos propor un pequeno traballo de busca de información de casos como o de André noutras partes do mundo, en que se aprecie como o petróleo é para moitas persoas unha maldición, xa que destrúe as súas fontes de ingresos, a súa familia, a comunidade e a súa cultura.

Actividade n.º 5: Accións

Obxectivo: Descubrir maneiras diferentes de actuar para mudar esta orde inxusta, recoñecendo o poder que temos como cidadáns/cidadás.

Orientacións: Esta frase recolle sen enganos unha parte da dura e triste realidade: as poboacións dos países ricos non estamos dispostos a renunciar ao noso modo de vida dilapidador. Mais esa é só unha parte da realidade. Facer recaer sobre a cidadanía a responsabilidade do espolio e das guerras, silenciando os verdadeiros responsables –as petroleiras cos seus lobbies que inflúen nos gobernos e nos organismos multilaterais co fin de obter máis e máis lucros– é tramposo.

A cidadanía non ten o poder de desencadear unha guerra ou un espolio, mais si de paralos. Unha parte da solución pasa por aí: contrarrestar os *lobbies* empresariais con *lobbies* de cidadanía, tendo en conta que o voto e o consumo nos fan poderosos, ao tempo que acompañamos e lles damos apoio ás poboacións cun grao de indefensión e de vulnerabilidade maiores que os nosos.

Para conseguir isto, é imprescindible estar cos ollos e cos ouvidos ben abertos, facendo lecturas críticas dos bombardeamientos diarios das industrias da comunicación e do lecer, que nos queren facer crer un cadro da realidade parcial, tendencioso e, polo tanto, tramposo.

Para saber máis...

Para saber máis...

Libros

Energías, participación y sostenibilidad
VELO, E.; SNEIJ, J.; DELCLÒS, J.
ESF. Barcelona, 2006.

Informes

Sectores Extractivos y Pobreza
Oxfam América, 2001.

Presentación conjunta de ONG. Consulta sobre derechos humanos y la industria extractiva.
Red Internacional para los Derechos Económicos, Sociales y Culturales. Xenebra, decembro 2005.

Repsol YPF en Bolivia: una isla de prosperidad en medio de la pobreza
Intermón Oxfam, maio 2004.

Open Society Institute
Reportaje sobre el petróleo
http://www.revenuewatch.org/reports/072305sp.pdf

Revistas

Pueblos
núm. 22 (II época), julio 2006.
http://www.revistapueblos.org

El Ecologista
http://www.ecologistasenaccion.org

Páxinas web:

Páxinas web:

AEREN (Asociación para o Estudo dos Recursos Enerxéticos) é unha asociación sen fins lucrativos que ten como fin principal estudar, analizar e divulgar a chegada ao cénit e ao esgotamento posterior dos recursos enerxéticos fósiles, así como o estudo das posibles alternativas viables para a substitución destes. É o representante no estado español de ASPO (Association for the Study of Peak Oil).
http://www.crisisenenergetica.org

Rede de resistencia ás actividades petroleiras.
http://www.oilwatch.org

Iniciativas de Economía Alternativa e Solidaria.
http://www.ideas.coop

Observatorio de Multinacionais en América Latina.
http://www.omal.info

Campaña Internacional Fagan Público lo que Pagan.
http://www.publishwhatyoupay.org/espanol/index.shtml

Visita a nosa web e descarga o ¡¡Global express!!

www.IntermonOxfam.org/educar/global

Global express **pretende xerar preguntas entre o alumnado e sobre o que contan os medios de comunicación. Trátase de promover unha visión crítica da realidade que lles permita comprender o estado do mundo e, en especial, a situación do mundo en desenvolvemento.**

Global express **é unha iniciativa de: Centrum voor Mondiaal Onderwijs (Holanda), Curriculum Development Unit (Irlanda), Centro Educazione Mondialità (Italia) e Intermón Oxfam (España).**
Global express **está financiado por:**

AECI AGENCIA ESPAÑOLA DE COOPERACIÓN INTERNACIONAL

madrid ÁREA DE GOBIERNO DE EMPLEO Y SERVICIOS A LA CIUDADANÍA